



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Santiago de Compostela,

26 MAR. 2024

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. D. Francisco José Prieto Fernández, arzobispo de Santiago de Compostela, actuando en representación da Diocese de Santiago de Compostela, en virtude da súa condición de arcebispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do "*Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa*", formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.



Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Santiago de Compostela ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmovle, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Diocese de Santiago de Compostela para a **posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmoables eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmoables incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmoables ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.



No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas disposicións económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administracións públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Santiago de Compostela

Pola súa banda, a Diocese de Santiago de Compostela comprométese a autorizar a plena e libre disposición dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.



Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,



Román Rodríguez González

O arcebispo da Diocese de Santiago
de Compostela



Francisco José Prieto Fernández



ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A ARQUIDIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ANO 2024

BEN: igrexa de Laíño (parroquial de san Xián)

SITUACIÓN: A Igrexa, Laíño, 15033 Dodro (A Coruña)

PROTECCIÓN: Que o inmovble denominado igrexa parroquial de san Xián de Laíño, situado no Concello de Dodro (A Coruña), no que se atopa o retablo lateral de san Xosé, ten a consideración de ben catalogado ao estar incluído na ficha AR-05 do catálogo do PXOM do Concello de Dodro aprobado definitivamente o 27.12.2010 (BOP 28.01.2011). Tamén se recolle no Plan Básico Autonómico coa clave Dodro_33690; conforme ao art. 30 e a DA 2ª da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

ACTUACIÓN: Restauración do retablo lateral de san Xosé da igrexa de san Xián, Laíño, Dodro (A Coruña) (SAR-2023-0213)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 5 meses

DESCRICIÓN:

A igrexa parroquial foi construída no principio do século XVII e é de estilo barroco. É un templo de planta de cruz latina dunha nave con ábsida aos pés e dúas capelas acaroadas a ambos lados desta.

No interior destacan os seus retablos de composición harmónica entre as arquitectónicas e as decorativas. Na fronte do presbiterio está o retablo maior, obra de Francisco de Lens, e nos brazos do cruceiro dous retablos de 1764 de Francisco Núñez de Boiro.

A fachada principal ten un van de entrada, unha fornela con imaxe e unha fiestra enreixada que alumea o coro superior. No lado esquerdo da fachada está a torre campanario de sección cadrada cun van en cadanseu lado rematado en cúpula semicircular con cruz.

A fábrica é de cachotaría e cantaría de granito visto. A cuberta é de tella a tres augas tanto na nave coma nas capelas laterais.

É de destacar a curiosidade da numeración dos antigos soterramentos ao redor da base do muro do presbiterio.

O muro que delimita o adro soporta tamén unhas cruces dun Vía Crucis procesional.

O retablo de san Xosé é un retablo barroco realizado en madeira de castiñeiro policromada e dourada. Consta dunha predela sobre a que se levanta, nun só corpo, e remátase cun ático. O corpo divídese en tres rúas por medio de columnas. Toda a liña central está reforzada polo ático e a fornela principal que conta cun pequeno baldaquino que avanza en relación coas fornelas laterais. A fornela central, con dous xogos de columnas a cada lado, está ocupada habitualmente por unha imaxe de san Xosé. No piso superior santo Antón (?) e en cada un dos extremos a representación dunha Virtude (posiblemente a Temperanza e a Caridade). O centro do ático remátase cun gran florón.

As rúas laterais levántanse sobre unha predela. Están flanqueadas por columnas de capitel composto e fuste en espiral, cubertas de cintas, borlas, follas... e unha pequena fornela con venera. Acubilla a imaxe de santa Lucía á esquerda e de santa Bárbara á



dereita.

O deseño da arquitectura do retablo e o uso dalgúns elementos decorativos remítenos ao barroco pleno como é salomónica con fuste en espiral cuberto de panos, borlas, cintas e temática vexetal, a estrutura da rúa central privilexiada pero sen romper o entaboamento, co espazo do corpo superior e o remate en volutas e anxos que nos remiten a mediados do século XVIII.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O retablo amosa patoloxía no ámbito estrutural ocasionada por afeccións termohigrométricas, provocando perdas volumétricas, fendas e ataques de insectos xilófagos, así como oxidacións de elementos metálicos. Na policromía, perdas dos estratos, craqueladuras, escamacións e oxidación de vernices.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Os traballos necesarios para acadar a restauración son:

Fase 1. Implantación de medios e redacción de proxecto.

- Estudo histórico-artístico.
- Documentación gráfica.
- Elaboración de mapas de alteración e mapas de humidade e temperatura (humidade relativa do aire, temperatura ambiente, temperatura de contacto e punto de resío, humidade interna e superficial da madeira...).
- Estudo da estereotomía do retablo a partir de ortofoto co fin de determinar o desprazamento de tallas e as unións e ancoraxes metálicas. Así como elementos engadidos nalgún momento da súa historia.
- Redacción de proxecto de intervención.

Fase 2. Restauración do retablo.

Fase 2.1. 1ª Fase de restauración do retablo.

- Limpeza da traseira do retablo onde permita o acceso mediante aspirado e cepillado con brocha suave.
- Revisión de ancoraxes e substitución en caso necesario.
- Eliminación de elementos metálicos innecesarios.
- Desinsectación preventiva: será precisa a aplicación dun produto insecticida como medida curativa e preventiva.
- Consolidación da madeira debilitada por inxección e impregnación.
- Sentado de dourado e policromía.
- Limpeza química.
- Reintegración de volume en pezas que polo seu papel estrutural ou pola súa relevancia estética o precisen.
- Tratamento de elementos metálicos (limpeza, inhibición e protección).

Fase 2.2. 2ª Fase de restauración do retablo

- Estucado de lagoas preferiblemente con estuco tradicional.
- Reintegración cromática discernible, con acuarela e pigmentos ao verniz.
- Protección final con verniz dammar satinado para a policromía e almáciga ao



10% en alcohol etílico para os dourados. Para a madeira ao natural empregarase cera de abella e carnauba.

- Restauración das imaxes pertencentes ao retablo que non foran intervidas recentemente. Os criterios e métodos de intervención serán os mesmos que para o retablo.
- Retirada e recondución do cableado que percorre o banco de pedra sobre o que asenta o retablo.
- Tratamento do banco de pedra que incluírá: limpeza, consolidación, saneado de xuntas e posterior rexuntado.

Fase 3. Informe final

- Redacción dun informe final de intervención e de plan de mantemento e conservación preventiva.





BEN: Santuario da Nosa Señora do Refuxio A Divina Peregrina

SITUACIÓN: praza da Peregrina – rúa González Zúñiga, Pontevedra

PROTECCIÓN: O Santuario da Nosa Señora do Refuxio A Divina Peregrina de Pontevedra está protexido polo seu valor cultural ao estar declarado BIC coa categoría de monumento polo Decreto 202/2011, do 13 de outubro (DOG núm. 207 do 28.10.2011).

ACTUACIÓN: Obras de conservación do Santuario da Virxe da Peregrina, Pontevedra (SAR-2023-183)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses

DESCRICIÓN:

O Santuario da Nosa Señora do Refuxio A Divina Peregrina atópase no centro histórico de Pontevedra fóra do antigo recinto amurallado. A construción iniciouse en 1778, seguindo un proxecto de Antonio de Souto ou Soto, quen harmonizou as correntes neoclásicas coa tradición barroca.

Ten planta central cunha cruz inscrita, que lembra a forma dunha vieira, símbolo dos peregrinos. No seu interior concebiuse un pórtico con bóveda de aresta sobre a que se situou o coro. A capela maior presenta planta rectangular e bóveda de cruzaría. O elemento máis destacado é o corpo central con cúpula de media laranxa, tribuna e lanterna sobresaliente ao exterior.

A fachada é convexa e está flanqueada por dúas esveltas torres. Articúlase en dous corpos separados por grandes cornixas. O primeiro combina elementos clásicos, como os óculos e o arco de medio punto sobre o lintel da porta, con outros barrocos, como as placas recortadas rodeando os vans. O segundo segue a habitual superposición de ordes e estrutúrase con columniñas de capitel composto sobre un alto pedestal. Destacan tres fornelas coas imaxes da Virxe Peregrina, Santiago e san Xosé. A fronte é de sillería, mentres que o resto da edificación é de mampostería, excepto as cadeas de sillares dispostos verticalmente a modo de machón, que lembran construcións portuguesas.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Na actualidade o edificio presenta danos por humidade e axentes climáticos: faltan pezas de chumbo protexendo as cornixas de fachada, colonizacións biolóxicas e falta de material na fábrica de pedra das torres (especialmente en elementos decorativos pétreos e varandas) e nos elementos horizontais, podremia na estrutura de madeira de acceso ao reloxo e pasarelas de cuberta, morteiros de cal de fachadas con desprendementos e algunhas xuntas abertas, falta de pararraios dunha torre, etc.

No interior obsérvanse manchas de humidade, relacionadas probablemente con problemas nos canlóns e falta de pezas de chumbo, tamén semella que falta ventilación no ámbito da cúpula.



ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que permitan a recuperación do ben. As actuacións que se contemplan de xeito resumido son:

1. Intervencións nas fachadas / paramentos verticais:

- limpeza e rexuntado de paramentos (limpeza manual, saneado, reposición de elementos deteriorados de pedra e aplicación de rexuntado de morteiros de cal)
- morteiros de cal (repicado de paramentos, saneado e aplicación de novos morteiros de cal en paramentos verticais das fachadas)
- enchumbados en paramentos verticais para impermeabilización.

2. Intervencións na cuberta:

- reparacións na canle perimetral (limpeza, saneado e aplicación de morteiros)
- enchumbados nas zonas da cuberta para impermeabilización
- pasarela metálica (retirada da existente, impermeabilización e colocación de estrutura e entramado tipo trámex)
- pararraios (desmontaxe e revisión do pináculo da torre norte, execución dun novo elemento pétreo similar, colocación e conexión do pararraios que está no interior do templo ou substitución por un novo adaptado á normativa no caso de que non se puidese aproveitar o existente).



BEN: Santuario de Nosa Señora da Laxe

SITUACIÓN: A Laxe, Armental, 15090 Vilasantar (A Coruña)

PROTECCIÓN: O Santuario de Nosa Señora da Laxe está protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben catalogado xa que está recollido no catálogo do PXOM de Vilasantar e o que se determina a disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016), e a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 296 do 11.12.1985). Tamén está recollida no catálogo do Plan Básico Autonómico co código Vilasantar_16493.

ACTUACIÓN: Actuacións de restauración da fachada e campanario da igrexa de Nosa Señora da Laxe, Vilasantar (A Coruña) (SAR-2023-0184)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 10 meses (proxecto en elaboración)

DESCRICIÓN:

O santuario é unha edificación do século XVIII de estilo barroco.

Ten planta de cruz latina con cruceiro e presbiterio destacados. A fábrica é de cachotería revocada e cantería de granito en elementos nobres. A torre na fachada situada sobre piñón. O campanario é moi sinxelo con catro vans de medio punto, rematado con cupulino case piramidal.

A nave ten arcos feixóns de medio punto sobre placas e entaboamento corrido, bóveda de canón, cruceiro con piares de ángulo, arcos torais de medio punto e bóveda nervada. O presbiterio remata cunha bóveda de canón.

No fermoso retablo maior de estilo rococó custó dianse catro imaxes de Gambino procedentes do retablo maior da igrexa do mosteiro de Sobrado dos Monxes, cuxa estrutura, desmontada, levouna Frei Rosendo Salvado a Nova Nursia (Australia).

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Na actualidade os danos máis salientables do templo maniféstanse especialmente pola deterioración dos muros de fábrica e filtracións no entorno do campanario.

O campanario presenta tamén un desplome cara o presbiterio que é preciso avaliar e que parece estar relacionado co descenso das piastras interiores e co estado dos elementos de fábrica.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- estudio estrutural pormenorizado para avaliar o estado dos elementos de fábrica que permita definir a solución dos problemas estruturais detectados e execución dos traballos que os resolvan
- revisión da estanquidade da cuberta e da estabilidade do campanario que xeneran problemas nos muros
- consolidación e corrección das deformacións así coma dos desprazamento de doelas



dos linteis das portas se fose preciso.

BEN: igrexa de san Vincenzo do Grove

SITUACIÓN: A Igrexa, San Vincenzo do Grove, 36022 O Grove (Pontevedra)

PROTECCIÓN: O inmovible denominado igrexa de san Vincenzo do Grove forma parte do conxunto parroquial que está protexido polo seu valor cultural ao estar recollido no catálogo das normas subsidiarias de planeamento do Concello do Grove (Pontevedra) (Fichas 1, 8, 14 e 17). Tamén está recollida no catálogo do Plan Básico Autonómico co código O Grove_66926

ACTUACIÓN: Actuacións de conservación e eliminación de humidades da igrexa de san Vincenzo do Grove (SAR-2024-0026)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses (proxecto en elaboración)

DESCRICIÓN:

Trátase dunha igrexa de planta rectangular dunha nave dividida en tres tramos con bóveda de canón e coro alto nos pés. A capela maior é rectangular cuberta cunha bóveda de cruzaría cuatrimpartita con arco triunfal de medio punto sobre piastras. A sancristía, tamén rectangular na cabeceira, está cuberta cunha bóveda de canón.

A fachada de estilo barroco compostelá está enmarcada por piastras e ten unha portada con arco tamén enmarcado con molduras. A torre-campanario ten unha posición central dun so corpo, rematado en cupulino e con decoración de placas.

Foi construída en 1770 para substituír a outra anterior situada na praia de Carreiro e utilizáronse elementos da igrexa antiga na nova construción.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Na actualidade os danos máis salientables do templo maniféstanse especialmente na presenza de humidades elevadas polo interior da fachada barroca e no presbiterio. Estas están relacionadas sobre todo co rexuntado inadecuado, cos encontros coa cuberta e coa abertura do campanario.

A fachada barroca ten un problema moi acusado de erosión, probablemente vencellado á presenza elevada de sales.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- levantamento topográfico do ben (non existe planimetría do ben)
- execución de analíticas sobre mostras de fachada para determinar as causas da deterioración
- reposición das xuntas da fachada con morteiros de cal
- resolver os encontros entre fachada e cuberta onde hai filtracións
- definir a solución construtiva para o acceso ao campanario
- restauración da fachada barroca.